



**ACSUG**

AXENCIA para a CALIDADE do  
 SISTEMA UNIVERSITARIO de  
 GALICIA

**ID MEC: 2500996**

**Nº EXPEDIENTE: 908/2009**

## INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN DE VIABILIDADE

<b>DENOMINACIÓN DO TÍTULO</b>		<b>GRADUADO OU GRADUADA EN XEOGRAFÍA E HISTORIA</b>
<b>MENCIONS/ESPECIALIDADES</b>		---
<b>UNIVERSIDADE RESPONSABLE</b>		UNIVERSIDADE DE VIGO
<b>CENTRO RESPONSABLE</b>		<b>FACULTADE DE HISTORIA</b> CAMPUS DE OURENSE
<b>CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO</b>		<b>FACULTADE DE HISTORIA</b> CAMPUS DE OURENSE
<b>TÍTULO INTERUNIVERSITARIO</b>	<b>UNIVERSIDADE COORDINADORA</b>	---
	<b>UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S</b>	---
<b>RAMA DE COÑECEMENTO</b>		ARTES E HUMANIDADES
<b>NÚMERO TOTAL DE CRÉDITOS</b>		240
<b>PROFESIÓN REGULADA</b>		NON
<b>MODALIDADE DE IMPARTICIÓ</b>		PRESENCIAL/SEMIPRESENCIAL
<b>ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)</b>		10/06/2009
<b>CURSO DE IMPLANTACIÓN</b>		2009/2010
<b>RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN</b>		

De acordo co establecido no artigo 12.3. da Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o decreto 222/2011, con data 4 de maio de 2015, a Secretaría Xeral de Universidades remitiu á ACSUG a documentación correspondente aos títulos que deben someterse aos plans de viabilidade, de acordo co establecido no artigo 14.1. do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Conforme ao establecido no artigo 14.2. do dito Decreto, a ACSUG procedeu á avaliación do Plan de Viabilidade do título de **Graduado ou Graduada en Xeografía e Historia** pola **Universidade de Vigo**.

A avaliación realizouse pola Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade formada por expertos do ámbito académico e profesionais. Os membros desta comisión foron nomeados pola CGIACA o día 19 de marzo de 2015.

Este informe é o resultado da avaliación da documentación remitida pola Secretaría Xeral de Universidades, de acordo cos criterios facilitados a tal efecto.

A Comisión de Avaliación, de forma colexiada e deixando constancia de que o informe de avaliación resultante non está valorando a calidade e continuidade do título senón o plan de viabilidade presentado, emite un informe de avaliación en termos de:

- Favorable  
 Desfavorable

#### 1. PUNTOS FORTES:

- Leváronse a cabo dúas iniciativas para intentar impulsar a demanda: ampliar o peso das prácticas, que pasan a ser obrigatorias, e crear unha modalidade semipresencial. Se ben o efecto destas iniciativas sobre a demanda non parece, polo momento, estar dando os seus froitos, é destacable que se levaran a cabo nun intento de estimular a demanda.
- O nivel de consolidación do profesorado que imparte a titulación é elevado. Predominan profesores funcionarios con ampla experiencia docente e actividade investigadora media notable. A satisfacción dos estudantes co profesorado é elevada.
- O centro oferta dous másteres vinculados coa temática da titulación, un deles vinculado, así mesmo, cun programa de doutoramento.
- Boa oferta de prácticas en empresas, públicas e privadas, non existente noutras titulacións similares.

- Cartas de apoio ao título de distintas institucións públicas e privadas.

## 2. ÁREAS PARA A MELLORA:

- Aínda que non se ofrecen detalles na memoria de viabilidade nalgúns casos e só se dispón de información sobre un curso noutros casos, a taxa de graduación é baixa e a de abandono está por encima do previsto na memoria verificada do título. Débense iniciar accións encamiñadas a mellorar as ditas taxas.
- O Grao comparte moitos contidos co grao en Xeografía e Ordenación do Territorio da USC, tamén con problemas de demanda. Aprécianse tamén afinidades, polo menos no perfil de estudante a captar, co Grao de Humanidades de UDC (Ferrol) ou o Grao de Ciencias da Cultura e Difusión Cultural da USC (Lugo), na mesma tesitura de falta de alumnos. De persistiren os problemas de demanda, habería espazo para iniciativas conxuntas, quizais pensando nun único programa troncal con diversas orientacións ou mencións (historia, historia da arte, turismo, xestión do patrimonio, xeografía física, xeografía humana, ordenación del territorio, ...).
- Menciónanse distintos ámbitos nos que os egresados poderían traballar, pero non se ofrece unha análise sistemática dos perfís máis demandados nin se propoñen cambios no plan de estudos orientados a xerar eses perfís, é dicir, non parece que haxa un esforzo por facer o grao máis atractivo desde o punto de vista da empregabilidade. Deberían poñer en marcha accións neste senso.

Santiago de Compostela, a 3 de xuño de 2015



José Eduardo López Pereira  
Director ACSUG